

# A recepción do poemario *Fardel de eisilado* na Galicia interior e exterior a partir da correspondencia inédita de Luís Seoane

*The Reception of the Book of Poems Fardel de eisilado in Galicia of the Interior and of the Outside from the Unpublished Correspondence of Luís Seoane*

**Rafael FRAGUAS VIDAL**

Université de Perpignan Via Domitia  
Centre de Recherches Historiques sur les Sociétés Méditerranéennes  
arfugas6@aol.com

[recibido 22/10/2014, aceptado 27/01/2015]

## RESUMO

Esta análise das correspondencias entre Luís Seoane e os intelectuais galegos do interior como do exilio pon de relevo os puntos claves da recepción do seu poemario *Fardel de eisilado*: a estética social realista dos poemas, o esforzo polo idioma e o papel importante da correspondencia que permitiu ao noso poeta-pintor dar a coñecer o seu labor no exilio e reintegrarse de certo modo no mundo intelectual galego do interior.

**PALABRAS CHAVE:** Luís Seoane, poesía de posguerra, exilio, intelectuais galegos, correspondencia.

## RESUMEN

Este análisis de las correspondencias entre Luís Seoane y los intelectuales gallegos del interior como del exilio pone de relevo los puntos clave de la recepción de su poemario *Fardel de eisilado*: la estética social realista de los poemas, el esfuerzo por el idioma y el papel importante de la correspondencia que permitió a nuestro poeta-pintor dar a conocer su labor en el exilio y reintegrarse de cierto modo en el mundo intelectual gallego del interior.

**PALABRAS CLAVE:** Luís Seoane, poesía de posguerra, exilio, intelectuales gallegos, correspondencia.

## ABSTRACT

This analysis of the correspondences between Luís Seoane and the Galician intellectuals of the interior as of the exile puts of relay the key points of the reception of his book of poems *Fardel de eisilado*: the realistic social esthetics of the poems, the effort for the language and the important paper of the correspondence that allowed to our poet-painter to give to know his work in the exile and return in a certain way to the world intellectual Galician of the interior.

**KEY WORDS:** Luís Seoane, poetry of postwar, exile, Galician intellectuals, correspondence.

FRAGUAS VIDAL, R. (2015): "A recepción do poemario *Fardel de eisilado* na Galicia interior e exterior a partir da correspondencia inédita de Luís Seoane", *Madrygal (Madr.)*, 18, Núm. Especial: 267-273.

O estalido da guerra civil provocou na literatura galega do interior unha parálise, unha pausa forzada das palabras, debido a un franquismo que, por suposto, se encargou de enmudecela, matando primeiro e censurando logo. Esta desaparición momentánea do mapa galego da literatura foi de forma case instantánea, compensada polo importante labor dos intelectuais galegos exiliados. Ante un silencio imposto na súa terra deixada atrás, algúns deles puxéronse rapidamente a traballar para a divulgación da cultura galega fóra da terra.

Así pois, aínda con as maletas sen desfacer, co sono dun rápido retorno a Galicia, emprenderon un gran esforzo para seguir loitando, editando, escribindo e pintando para promover as súas ideas e denunciar un réxime que os levou ao exilio.

Sen medo a calquera tipo de censura, cunha forte vontade de seguir traballando para sa úa terra, van nacer na América uns proxectos editoriais importantes co obxectivo de seguir espallando o que xa non se podía publicar en Galicia.

Unha figura importante destaca dentro deste exilio loitador; trátase de Luís Seoane. O seu gran labor de editor, xunto cos seus amigos Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela en particular, xa foi ben estudado, así como a súa obra artística, sempre poñendo en tea de fondo o seu amor incondicional para Galicia.

O que nos vai interesar aquí é outra faceta deste home, a súa obra poética, nomeadamente o seu primeiro poemario, publicado en Bos Aires en 1952, *Fardel de eisilado*. Trátase dun poemario no cal o poeta pon o emigrado no centro da súa temática; como afirma na súa dedicatoria: “o tema central que os xunta é a emigración” (Seoane 1977: 31).

No limiar da primeira edición que se fixo en Galicia, en 1977 (Edicións do Castro), Basilio Losada introdúcenos na súa lectura advertíndonos da novidade poética que supoñía en 1952 un poemario político<sup>1</sup>, que outros calificaran de poesía social. Dez anos antes de *Longa noite de Pedra*, de Celso Emilio Ferreiro (1962), *Fardel de eisilado* pódese considerar, en opinión de Xesús Alonso Montero, como a prehistoria da literatura galega civil (González Fernández 1994: 5).

Agora ben, quixera facer un enfoque deste poemario a partir da correspondencia que mantivo Luís Seoane cos seus amigos do interior e cos seus amigos, como el, exiliados.

É imprescindible sinalar aquí o papel importante que tivo a súa muller, Maruxa, quen se encargaba do arquivo epistolar do seu marido. Sempre que mandaba unha carta, facíase unha copia para o arquivo persoal, por unha razón moi sinxela: a necesidade de gardar a traza do que dixo o noso polifacético Seoane; convén decatarse, neste sentido, que é ao final unha cantidade moi grande de correspondentes con quen Luís Seoane mantería un diálogo. Doutra parte, cómpre tomar en conta que moitas destas cartas non chegaban ao seu destino, por razóns ás veces inexplicables e outras debido á censura, tal como os mesmos autores destas cartas o confirman. Bouza Brey escribelle en outubro de 1953<sup>2</sup>: “Disculpade o meu silencio porque tiña novas de que as miñas verbas non chegarían alá”.

A Fundación Seoane permitíume a consulta do arquivo no que se custodia a correspondencia inédita do noso pintor, con motivo da preparación da miña tese sobre o artista e a súa obra a través do seu epistolario. Pódese tamén consultar unha parte desta correspondencia no sitio web do Consello da Cultura Galega<sup>3</sup>. Para este traballo puideron atopar, ademais das

<sup>1</sup> No limiar da edición de 1977, escribe Basilio Losada: “(...) aparece as veces, rachando o clima do libro, a voz airada do poeta político –hoxe xa podemos chamar poesía política ao que denantes tiñamos que alumar «poesía social»” (Seoane 1977: 20).

<sup>2</sup> Carta inédita do escritor e historiador Fermín Bouza Brey enviada desde Santiago de Compostela o 1 de outubro de 1953.

<sup>3</sup> <http://epistolarios.consellodacultura.org/seoane.php>.

cartas xa editadas en *Textos inéditos* (Núñez Rodríguez 1991) entre Luís Seoane e Carlos Maside, outras cartas que recibiu desde Galicia ou desde o exilio após a publicación do seu poemario<sup>4</sup>.

A partir de 1947, así pois, Luís Seoane vai reanudar o contacto cos seus amigos en Galicia, comezando por Francisco Fernández del Riego. Pouco a pouco, grazas aos enderezos que este lle remite doutros amigos comúns, vai enlazar novamente cos intelectuais do interior.

O seu *Fardel de eisilado* vai significar un paso máis cara á ampliación dos novos correspondentes. En efecto, após a publicación en Arxentina do seu poemario, Luís Seoane ten o desexo de ver os seus poemas lidos en Galicia polos do interior, e ser así coñecido o máximo posible. Escríbelle a Fernández del Riego en carta do 23 de xaneiro 1953: “Lo que más deseo es que se conozca ahí ya que él no significa otra cosa que el mensaje de un gallego aislado dirigido a los que están en Galicia” (Fernández del Riego 2002: 66).

A correspondencia resulta ser case o único modo de tender a ponte entre el e os destinatarios dos seus poemas. Así, pídelle a Del Riego que participe na divulgación do seu poemario en Galicia demandándolle os enderezos dos seus amigos e rogándolle que o faga coñecer na súa Galicia. Na mesma carta citada anteriormente, pódese ler tamén: “Quisiera enviarlo también a algunos críticos literarios, gallegos o no, pero que se ocupen de libros en gallego” (*id.*).

No caso dalgún amigo que marcha de Bos Aires para Galicia dálle exemplares para os levar para Galicia. Podemos ler nunha carta mandada por Fernández del Riego a Seoane<sup>5</sup>:

Lo presté a varios amigos, y todos coinciden, sin excepción, en alabar sus valores poéticos. Las direcciones ya te las he enviado. (...) Castiñeiras me acaba de entregar un paquete con algunos ejemplares, que tú le has dado. Como no indicas a quienes se lo he de dar, espero que me lo digas. En caso contrario los repartiré entre lectores que sepan apreciarlo.

Poder ser lido en Galicia participando desde fóra na cultura galega, saíndo, así, do seu illamento alén do mar, é o obxectivo principal de Seoane, que non podía imaxinar que aqueles a quen ían dirixidos os seus poemas non os puidesen ler. Así lle di a Manuel Fabeiro Gómez nunha carta agradecéndolle o seu artigo publicado en *Opinión Gallega* (1953) en Bos Aires<sup>6</sup>:

Pra os que estamos lonxe da terra teñen elas [as verbas de estímulo] un consideravel valor pois a nosa anguria é vivir nesta soedade, neste deserto pra as nosas inquedanzas, sin que a nosa laboura poda chegar a ter por modesta que sexa a resonancia nese povo ao que toda ela esta adicado.

Con este afán de divulgación do seu traballo, Luís Seoane tenta mandar o seu libro á xente que poida facer algún artigo sobre el. É ben coñecido que naqueles tempos non é nada doado falar dun poemario social sen temor ao réxime. Así se ó explica Fernández del Riego: “La pena es que no pueda escribir en los periódicos de aquí, en la forma que antes lo hacía, sobre estas cosas”<sup>7</sup>. Os artigos publicáranse, mais non en Galicia, onde as políticas franquistas non o permitían. Porén, reparemos nun artigo contemporáneo publicado no interior, por Manuel Rabanal (1953), no que se fai unha crítica moi pouco eloxiosa do poemario, da que non gusta moito Luís Seoane, como demostra

<sup>4</sup> En total, analizáronse para este traballo as cartas recibidas por Luís Seoane por parte de catorce correspondentes de Galicia, cinco de España e cinco do exilio máis as cartas enviadas por Luís Seoane a seis correspondentes en Galicia e un en Chile.

<sup>5</sup> Carta inédita de Francisco Fernández del Riego enviada desde Vigo o 18 de xaneiro de 1952 (pódese dicir, sen dúbida, que se trata do ano 1953, xa que en xaneiro de 1952 aínda non estaba publicado o poemario).

<sup>6</sup> Carta inédita de Luís Seoane enviada desde Bos Aires o 19 de marzo de 1953.

<sup>7</sup> Véxase *supra* a nota 5.

nunha carta a Maside: “creo que cualquier día me pondré a contestar al Dr. Rabanal sobre esa especie de caridad con que me perdona cariñosamente el fondo de gran parte del libro” (Núñez Rodríguez 1991: 81). Outro artigo contemporáneo á publicación do libro viría da man de Varela Jácome en *La Noche* (1953), no que se gaba a lingua e as ilustracións.

Así pois, aos poucos vai recibindo cartas dos seus amigos felicitándoo polo seu labor; cartas nas que se declaraba abertamente a imposibilidade de facer calquera recensión desde Galicia. Manuel María escribelle en marzo de 1953<sup>8</sup>: “Cando o lín pensei facer un comentario para *La Noche* pro díxome Borobó que non se podería publicar”. Pola súa parte, Leandro Carré Alvarellos<sup>9</sup> respóndelle dun modo moi politicamente correcto, baixo o pretexto de ter moito traballo: “perdón por non ter cumprido aquel deber coa presa que a boa crianza obrigaba”.

Algúns artigos chegaron a ser publicados, mais fóra de Galicia; e todos eles foron recollidos nos estudos de Alonso Montero, *As palabras no exilio* (1994), e no de María Antonia Pérez Rodríguez, *Luís Seoane a través da prensa 1929-1979* (2003). Pola miña parte, engadirei a referencia a un artigo de Fernández del Riego que, malia a imposibilidade de facer recensión desde Galicia, si lle mandou ao seu colega un artigo para que o publicase en Bos Aires. En agosto do ano 1953 Seoane comenta: “Agradecinche moitísimo o artigo sobre o meu libro que se publicou, como teras visto, estando ti de viaxe” (Fernández del Riego 2002: 70). Tamén se recolle nunha carta de Emilio Pita<sup>10</sup>, escrita desde Montevideo, que o “amigo Luis Tobío comentou o libro nunha das audicións radiais e leu algún dos poemas”.

O que estas cartas poñen de manifesto é o elo que poden establecer os galegos do interior coa situación dos exiliados. É un dos sentimentos que o poemario crea nos que non deixaron a terra, o sentimento de ser eles mesmos exiliados, exiliados do interior. Nunha carta inédita do 19 de marzo de 1953, Luís Seoane explícalle a Varela Jácome, despois de lle agradecer o seu artigo, que fixo o seu poemario “sin más ambición que la de establecer aquel diálogo que debe vincularnos a todos los que queremos en Galicia y tenemos iguales inquietudes intelectuales”.

Son, precisamente, estas inquedanzas do exiliado as que os correspondentes de Seoane din vivir tamén nos respectivos exilios interiores. Así o define Leandro Carré Alvarellos<sup>11</sup>:

Mais hai outra cras d’eisilio, do que aínda se non falou, e tortura tamén. E o eisilio do que tendo os pes chantados na propia terra, sinte o seu espírito alonxado de si mesmo no espazo infindo. O alonxamento do espírito que (...) ten que calar as ideas, que desemular os pensamentos, que coutar os desexos de berrar moitas cousas... Eisilio que temos que padecer moitos galegos na hora actual en España.

Tamén Fermín Bouza Brey desde Santiago descríbelle o mesmo sentimento<sup>12</sup>: “E o libro que pode escribir e que é necesario que escriba o que ten o espírito ceibe e a boca libre para berrar milleiros de verdades”. Do mesmo xeito Aquilino Iglesia Alvariño<sup>13</sup>, falando dos poetas galegos que ficaran en Galicia, dille: “no dejamos de tener abierto también el costado”. Pura Vázquez, desde Madrid<sup>14</sup>, séntese “emigrada da terra, e sobre todo, eisilada n-istes tempos de cadea e aprixeamento espiritual que vivimos”.

<sup>8</sup> Carta inédita enviada desde Lugo o 3 de marzo de 1953.

<sup>9</sup> Carta inédita enviada desde A Coruña o 8 de marzo de 1953.

<sup>10</sup> Carta inédita enviada desde Montevideo o 9 de febreiro de 1953.

<sup>11</sup> Carta inédita enviada desde A Coruña o 8 de marzo de 1953.

<sup>12</sup> Carta inédita enviada desde Santiago o 1 de outubro de 1953.

<sup>13</sup> Carta inédita enviada desde Pontevedra o 27 de decembro de 1952.

<sup>14</sup> Carta inédita enviada desde Madrid o 20 de novembro de 1953.

Estas inquedanzas compartidas, mais reprimidas, participan na vontade de Luís Seoane de divulgar a cultura galega fóra e dentro de Galicia, axudando aos do interior para publicar fóra da súa terra onde a censura non atinxía os seus libros. Esta censura sempre está presente nestas cartas que recibe Seoane após a publicación do seu poemario. Bouza Brey explicábao así nunha carta datada en abril de 1953<sup>15</sup>: “[Aquí] está todo medido e contado e de ahí se non pode pasar”; e como un berro engade: “¡Coidame de que siga madurecendo ahí a Poesía en Galego! Mentras haxa América Galega haberá Galiza”. De gran interese é tamén neste sentido o que lle di Celso Emilio Ferreiro en 1955<sup>16</sup> cando lle manda o seu libro *O soño sulagado*, “que aínda non poido ser distribuído porque ando, por causa del, un pouco enliado coa censura que xa me mutilou algunos poemas”.

Alén do desexo de ser lido, do sentimento de exilio interior e do importante papel da censura, estas cartas reflicten tamén a recepción, a través do prisma artístico, que lle fixeron algúns dos correspondentes ao poemario do noso pintor. Non podemos esquecer que estes poemas ían ilustrados por uns debuxos, cunha sobriedade técnica e temática galega moi clara, que facían deles un perfecto espello do que o poeta pintaba coas verbas. Nunha carta a Maside, en decembro de 1952, explícalle Seoane: “Lo ilustré sirviéndome de apuntes que había hecho en el barco cuando regresé en el 49” (Núñez Rodríguez 1991: 75).

Ao parecer os debuxos precederon os poemas, tal como revela unha carta do pintor a Fernández del Riego datada en 1951<sup>17</sup>: “Te envío aparte unos poemas que no me gustaría enseñases a nadie y que posiblemente forman parte de un álbum de dibujos de emigrantes.

Probablemente se llamara Fardel de emigrantes”. Un álbum de debuxos cuns poemas que os acompañen; este era o seu desexo. Uns poemas que explicasen con verbas o que el debuxaba. Este aspecto foi salientado por algúns dos seus correspondentes. É o caso, por exemplo, de Augusto Casas Blanco, que recibe o libro a través do amigo común Núñez Bua e destaca<sup>18</sup>: “la pureza galaica de sus poemas, que sintonizan perfectamente con sus dibujos”. Concha Zardoya<sup>19</sup> ve neles non só unha simple ilustración, senón que “sus magníficos dibujos vivifican todavía más el drama humano de los versos”. Pola súa parte, Pura Vázquez<sup>20</sup> pídelle que lle ilustre os seus poemas con debuxos do mesmo tipo que os de *Fardel de eisilado*.

Canto ao estilo dos poemas, Luis Tobío desde Montevideo fai unha análise da forma do poemario achegándoa á faceta artística do noso pintor<sup>21</sup>: “se ve bien que eres un pintor, un buen pintor, y aun diría un escultor, al menos en potencia”. Tobío fai un paralelo entre as formas dos poemas que, como os seus debuxos, tenden á síntese, precisos como a súa liña. Neste sentido, recordemos aquí que o poema que abre o poemario se titula o “pintor eisilado”. Os poemas son directos, fortes, reflectindo os seus debuxos, como se fosen unha explicación poética destes, as dúas caras do artista-poeta.

De calquera forma, non se trata aquí de analizar o estilo e a forma escollida por Seoane para a súa poesía, que xa ten sido obxecto de estudo en varias publicacións. Porén, o que queremos salienta é o que algúns correspondentes opinaron ao respecto. Primeiramente cómpre subliñar que a maioría non din nada sobre este aspecto, atendendo unicamente á temática do poemario e á “sinceridade” do

<sup>15</sup> Carta inédita enviada desde Santiago de Compostela o 28 de abril de 1953.

<sup>16</sup> Carta inédita enviada desde Vigo o 25 de abril de 1955.

<sup>17</sup> Carta inédita enviada desde Bos Aires o 15 novembro 1951.

<sup>18</sup> Carta inédita enviada desde Barcelona o 27 de xaneiro de 1953.

<sup>19</sup> Carta inédita enviada desde Nova Orleáns o 34 de marzo de 1953.

<sup>20</sup> Véxase *supra* a nota 14.

<sup>21</sup> Carta inédita enviada desde Montevideo o 27 de marzo de 1953.

poeta. É o caso, por exemplo, de Lois Carré Alvarellos<sup>22</sup>: “Nada dicirei do seu importante traballo respeitante da forma, pois para min, o verdadeiro mérito de unha obra sexa da cras que quixer, tense de buscar precisamente no seu fondo”.

O que si rexistramos son algúns comentarios sobre o idioma, como o de Emilio Pita<sup>23</sup>: “gustoume o teu léxico ricaz. Para a miña sensibilidade houbera arelado a supresión d’alguns vocablos un pouco fortes n’algun dos poemas”. Nun artigo que publicou en *Lar* en xullo de 1953 –onde, como precisaría Alonso Montero, “é moi medido nas gavanzas para o libro” (Alonso Montero 1994: 101)– Ramón Piñeiro expresa o seguinte:

E un dos libros mais orixinais e sincero que se escriberon na nosa lingoa n-istes derradeiros anos. Digocho de todo corazón, tal como eu o sinto. Tamén me interesou enormemente o teu esforzo idiomático, que será mais apreciado canto mais tempo pase. (Piñeiro 1953)

Luís Seoane escribe ao seu amigo Maside, a finais de 1952: “Cuidé lo que pude el idioma” (Núñez Rodríguez 1991: 75), usando “un idioma severo, en el que se incrustan aquellos argentinismos inevitables por tratarse de los nombres de elementos de la fauna o de la flora, o de la historia de este país” (*ibid.* 73). Estas son as únicas referencias ao estilo que lle fai Seoane a Maside. Pero o que mais destaca destes intercambios epistolares é a emoción e a esperanza que representou este poemario

para algúns deles. Manuel de Rivas Beira exprésalle<sup>24</sup>: “Bostede non imaxina a emoción que nos causa un libro dun emigrado que sinte Galicia...”. A esta emoción que provocou nos seus amigos o poemario, “libro necesario” en palabras de Manuel María, temos que engadir o acento universal que representou para eles, universalidade que Luís Seoane buscaba na súa arte e que nestes poemas vese reflectida no diálogo entre a poesía e os seus debuxos. Antonio Beiras García escribe<sup>25</sup>: “o teu arte [ten] un censo persoal e como é natural unha indubidable novedá, moi de acordo cos tempos que vivimos, cos temas específicos do noso tempo, aínda que no fondo sexan os problemas eternos da humanidá e os de todos os pobos da Terra”.

O labor importantísimo que Luís Seoane teimou en continuar desde Bos Aires para a divulgación da cultura galega, o seu afán por lle devolver a palabra ao exilio interior, a súa incansable inqueda... todo esto vaino levar a escribir este valioso poemario do que Francisco Luis Bernárdez, o seu amigo e poeta arxentino, dirá<sup>26</sup>: “A cultura galega débelle a Vde., amigo Seoane, outro grande e noble servizo, aínda mais meritorio pol-o feito de ser prestado no eisilio, n-unha terra onde cada día que pasa hai menos estímulos pra laboura do arte e do pensamento”. Estes azos vainos encontrar Luís Seoane na correspondencia mantida ao longo da súa vida e que lle permitirá ter sempre un pé na súa terra.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALONSO MONTERO, Xesús (1994): *As palabras no exilio*. Vigo: Xerais.

FABEIRO GÓMEZ, Manuel (1953): “Fardel del eisilado”, *Opinión Gallega* 02/1953.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (2002): *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*. Sada: Ediciós do Castro.

<sup>22</sup> Carta inédita enviada desde A Coruña o 9 de marzo de 1953.

<sup>23</sup> Carta inédita enviada desde Montevideo o 9 de febreiro de 1953.

<sup>24</sup> Carta inédita de Manuel de Rivas Beira, escritor e amigo de Manuel María, quen lle deu a coñecer o poemario, enviada desde Lugo o 20 de xuño de 1953.

<sup>25</sup> Carta inédita enviada desde Vigo o 1 de novembro de 1953.

<sup>26</sup> Carta inédita enviada desde Córdoba (Chile) o 7 de febreiro de 1953.

- FERREIRO, Celso Emilio (1962): *Longa noite de pedra*. Vigo: Galaxia.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (1994): “Literatura e compromiso”, *La Voz de Galicia* (Suplemento Día das Letras Galegas) 17/05/1994.
- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Manuel (ed.) (1991): *Luis Seoane, Textos inéditos*. Santiago de Compostela: Universidade.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, María Antonia (2003): *Luis Seoane a través da prensa 1929-1979*. Sada: Edicións do Castro.
- PIÑEIRO, Ramón (1953): “Un poema da emigración”, *Lar* 25/08/1953.
- RABANAL, Manuel (1953): “Lírica odisea desgarrada”, *La Noche* 21/03/1953.
- SEOANE, LUÍS (1952): *Fardel de eisilado*. Bos Aires: Ed. Anxel Casal.
- (1977): *Obra poética*. Sada: Edicións do Castro.
- VARELA JÁCOME, Benito (1953): “Un libro poético de Luís Seoane”, *La Noche*, “Artes y Letras” 17/02/1953.